

O acordo normativo é posíbel

Oficialistas e reintegracionistas afirman nas X Xornadas de Língua e Literatura que pode haber un achegamento de posturas

♦♦ C.V.

Son dúas as esixencias para que un novo debate sobre a normativa chegue a acordo: partir das normas existentes e, de se dar o consenso, compromiso de cumprimento polas partes. O salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago rebordaba de asistentes na mesa redonda celebrada ao redor da posibilidade dun acordo normativo dentro do programa das X Xornadas de Língua e Literatura organizadas pola CIG-Ensino e a AS-PG. Os participantes Francisco Fernández Rei -do ILG-, Xosé Ramón Freixeiro Mato -da AS-PG, José António Souto -da AGAL- e Henrique Monteagudo, secretario do Consello da Cultura, mostráronse abertos á posibilidade de achegar posturas de cara un consenso normativo.

O telón de fondo da mesa redonda de lingüistas celebrada nas X Xornadas de Língua e Literatura Galega estaba no debate que meses atrás trouxo de novo o tema á actualidade dándolle novos pulos. Novas voces manifestáronse entón a favor dunha reforma da normativa vixente e, entre elas, algúns recoñecidos escritores defenderon con especial forza o achegamento ao portugués. Con esas bases, os catro lingüistas representantes de todas as opcións normativas existentes, manifestáronse receptivos a debater a cuestión normativa. Só é agora que se albisca esta nova posibilidade, cando a normativa oficial está a piques de cumprir vinte anos.

O profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato reclamou un consenso amplo para a reforma normativa que non estivese pendente de posibles cambios políticos. Despois de afirmar a posibilidade do acordo, sentou as bases para que fose efectivo: a implicación dos que teñen capacidade real e legal de modificación, o respecto polos cauces reglamentarios e a negociación e o debate entre as partes. Defendeu Freixeiro Mato unha vía de aproximación ao portugués atendendo á demanda dos "discrepantes" e respondendo asimismo ao encontro con Portugal que se vai dar en ámbitos que van do económico ao literario. "O galego ten que estar do lado do portugués xa que forman parte do mesmo sistema. Tirar por outra opción significa que a nosa lingua sería devorada polo español" afirmou o profesor da Universidade da Coruña. Representante na mesa da normativa de mínimos da AS-PG, Freixeiro manifestou que é precisa a vontade dos implicados no compromiso coa "única vía que existe que é o diálogo e o debate sereno", a tal altura, un deber e unha esixencia dada a "vontade maioritaria" mostrada a favor do acordo.



De esquerda a dereita, Souto Cabo, Henrique Monteagudo, Freixeiro Mato e Fernández Rei no debate moderado por Anxo Louzao, da CIG-Ensino.

A. PANARO

O ILG, disposto a falar

O Instituto da Língua Galega (ILG) está disposto "a falar, sen presas", e tendo como textos de partida as normas de 1982. Así o deixou dito o profesor Francisco Fernández Rei -que defendeu a posición do Comité Científico do ILG- despois de mentar os debates dos anos setenta arredor da norma, nos que el partillou, e deixar ver o seu "escepticismo" de cara unha posíbel converxencia cos que, ao seu ver, negan a existencia do galego coma lingua de seu. "Non estamos dispostos a retrotraer o

debate aos setenta, as normas do portugués xa están inventadas e non precisan acordos" afirmou o académico. As premisas que defende o ILG continúan a ser que "sociolingüísticamente está claro que o galego é un idioma, cun camiño de elaboración propia" que, polo tanto, "non pertence ao sistema portugués". Non por iso deixou de afirmar Fernández Rei que o "ILG deberá explotar máis o léxico" lusófono. Adiantou que cumpría ser "prudentes nas posibles modificacións" que, en todo caso, tiñan que ter o visto bo da Academia Galega.

"O acordo é desexábel, que non exista é disfuncional para o galego como lingua estándar", afirmou o secretario do Consello da Cultura, Henrique Monteagudo que manifestou o seu consenso cos postulados presentados por Fernández Rei en representación do Comité Científico do ILG. "As diferencias ortográficas convertéronse en emblemas de grupos e iso explica a virulencia das discusións. Debemos excluir os afáns de protagonismos persoais e as tentacións de capitalización de grupos" manifestou Monteagudo mentras semellaba por tamén as bases das conversas que,

logo, explicitou en dous puntos: un compromiso de saída das partes implicadas para a aceptación e un horizonte de estabilidade para o acordo. A necesidade dunha normativa consensuada non é tema alleo á normalización lingüística e, por iso, aproveitou Monteagudo para lairse dunha "política de normalización do corpus da lingua torpe por parte dos responsables. A lingua para ser normal necesita dunhas institucións e recursos lingüísticos e estase facendo de forma caótica e desorganizada".

A historia da normativa é unha historia de exclusión e a propia realidade impón a necesidade de mudanzas. Eis a posición pola que avogou José António Souto Cabo, da AGAL, despois de recoñecer que "tanto dun lado como do outro atópanse persoas comprometidas co futuro da nosa lingua". Non evitou Souto referirse ao "uso perverso" que se fixo da normativa da que saiu unha "cultura oficial que continua a ser a de unha parte" pero afirmou asimismo que a AGAL está disposta a abrir "camiños de diálogo" que terían que "partir dunha lectura ampla da normativa".

Para os organizadores das X Xornadas de Língua e Literatura o debate demostrou "que se poden dar pasos importantes de cara ao establecemento dun diálogo que supere definitivamente un problema que en nada beneficia á normalización do idioma". ♦

Auséncia total do galego no 40% das aulas de Infantil

A metade dos centros de ensino de Secundaria afirman non cumprir os mínimos legais establecidos en canto ao uso de galego. A aprendizaxe da lectura e escritura en galego só se fai no 17% dos centros. O 40% das aulas de Infantil non imparte nada en galego ou non chegan ás 5 horas á semana. As axudas ás Equipas de Normalización Lingüística diminuíron nun 50% con respecto ao pasado curso. Os datos foron denunciados nas conclusións das X Xornadas de Língua e Literatura da CIG-Ensino e a AS-

PG nas que se exisíu o cumprimento da normativa vixente e un cambio de rumbo na política lingüística da Xunta.

"Preocúpanos profundamente que o noso idioma perda falantes a un ritmo constante. Hai que invertir esa tendencia. Reclamamos unha cobertura institucional ao traballo a prol do galego. Esiximos dos poderes públicos, fundamentalmente da Consellería de Educación, unha nova política lingüística que remate coa proscripción do galego e a súa subordinación

ao español" afirmábase nas conclusións das xornadas nas que participaron máis de catrocentos ensinantes. Inauguradas coa conferencia de Xosé Manuel Beiras "De Murguía a Castela", nos encontros impartiron seminarios M² do Carme Kruckenberg, Manuel Ferreiro, Laura Tato, Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Luís González Sende, Gonzalo Navaza, Francisco Rodríguez, Henrique Rabuñal, Xosé Antonio Neira Cruz, Pilar García Negro, Agustín García Paz ou Quico Cadaval. ♦